



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN NO ANO 2024.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ven de formalizar coa Fundación Marco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa Fundación Marco no desenvolvemento da programación anual de actividades culturais, didácticas e de difusión no Museo de Arte Contemporánea (MARCO) para o ano 2024:

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro: Que a Fundación Marco, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, a realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención a produción artística da Comunidade Autónoma Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, conservación, estudo, exposición e interpretación educativa de fondos, ao tempo que impulsa a estimulación da sensibilidade na sociedade da cultura en xeral.

Segundo: A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

Terceiro. De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública dado o carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Marco. Así mesmo, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores de poboación coma polo número de persoas que participan nelas. Dado o seu marcado carácter singular, no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade





Autónoma de Galicia para o ano 2024 recóllese unha subvención a favor da Fundación Marco.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

